


CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS
INFORME SOBRE A SITUACIÓN SOCIOLABORAL DE GALICIA. 2024



CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS
INFORME SOBRE A SITUACIÓN SOCIOLABORAL DE GALICIA. 2024

— CAPÍTULO 10 —

CONFLITIVIDADE E MEDIOS DE SOLUCIÓN DE CONFLITOS DE TRABALLO



CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

EDITA: Consello Galego de Relacións
Laborais (CGRL)
Algalia de Abaixo, 24
Tel.: 981 541 601
Santiago de Compostela
ISSN: 2386-2866

DEMETRIO FERNÁNDEZ LÓPEZ
INSPECTOR DE TRABALLO E DA SEGURIDADE SOCIAL

10.1. FOLGAS

CADRO 10.1. EVOLUCIÓN DAS FOLGAS DESENVOLVIDAS SEGUNDO PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS. ESPAÑA. 2012-2024

CADRO 10.2. PERSOAS TRABALLADORAS PARTICIPANTES E XORNADAS NON TRABALLADAS SEGUNDO SECTOR DE ACTIVIDADE, POR REPERCUSIÓN TERRITORIAL DA FOLGA EN CADA COMUNIDADE AUTÓNOMA. 2024

CADRO 10.3. PERSOAS TRABALLADORAS PARTICIPANTES E XORNADAS NON TRABALLADAS SEGUNDO ÁMBITO TERRITORIAL, POR REPERCUSIÓN TERRITORIAL DA FOLGA EN CADA COMUNIDADE AUTÓNOMA. 2024

CADRO 10.4. FOLGAS DE ÁMBITO PROVINCIAL E AUTONÓMICO CONVOCADAS, REALIZADAS E NON REALIZADAS. GALICIA. 2024

CADRO 10.5. FOLGAS DE ÁMBITO PROVINCIAL E AUTONÓMICO DE EMPRESA E DE SECTOR. GALICIA. 2024

CADRO 10.6.FOLGAS DE ÁMBITO PROVINCIAL E AUTONÓMICO REALIZADAS, SEGUNDO O MOTIVO OU A CAUSA DA CONVOCATORIA. GALICIA. 2024

CADRO 10.7. FOLGAS DESENVOLVIDAS, CENTROS E CADRO DE PERSOAL CONVOCADOS, PERSOAS TRABALLADORAS PARTICIPANTES E XORNADAS NON TRABALLADAS, SEGUNDO CRITERIO DE REPERCUSIÓN(1). POR PROVINCIA. GALICIA. 2024-2023

10.2. CONCILIACIÓNS COLECTIVAS E INDIVIDUAIS

CADRO 10.8. CONCILIACIÓNS COLECTIVAS SEGUNDO TIPO DE RESOLUCIÓN E ASUNTO. ÁMBITO TERRITORIAL PROVINCIAL. 2024

CADRO 10.9. CONCILIACIÓNS INDIVIDUAIS POR PROVINCIAS, SEGUNDO MOTIVACIÓN E TIPO DE RESOLUCIÓN. 2024

CADRO 10.10. CONCILIACIÓNS INDIVIDUAIS POR SECTORES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. 2024

10.3. XULGADOS DO SOCIAL

CADRO 10.11. ASUNTOS RESOLTOS, SEGUNDO MATERIA OBXECTO DA DEMANDA A NIVEL ESTATAL. POR COMUNIDADE AUTÓNOMA E PROVINCIA. 2024-2023

CADRO 10.12. CONFLITOS INDIVIDUAIS. CANTIDADES ACORDADAS, SEGUNDO MATERIA OBXECTO DA DEMANDA E CLASE DE RESOLUCIÓN. POR COMUNIDADE AUTÓNOMA E PROVINCIA. 2024

CADRO 10.13. ASUNTOS RESOLTOS EN MATERIA DE DESPEDIMENTOS, SEGUNDO CLASE DE RESOLUCIÓN. POR PROVINCIAS. GALICIA/ESPAÑA. 2024-2023

CADRO 10.14. PERSOAS TRABALLADORAS DESPEDIDAS, CANTIDADES ACORDADAS E CONTÍAS MEDIAS, SEGUNDO CLASE DE RESOLUCIÓN. POR COMUNIDADE AUTÓNOMA E PROVINCIA. 2024

10.4. XESTIÓN DO ACORDO INTERPROFESIONAL GALEGO SOBRE PROCEDEMENTOS EXTRAJUDICIAIS DE SOLUCIÓN DE CONFLITOS DE TRABALLO (AGA)

CADRO 10.15. AGA. TOTAL EXPEDIENTES. 2024

CADRO 10.15 BIS. ACTUACIÓNS DO AGA REMATADAS CON ACORDO. 2024

CADRO 10.16. AGA. DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL DOS CONFLITOS PRESENTADOS 01.06.1992-31.12.2024

CADRO 10.16 BIS. AGA. DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL DOS CONFLITOS PRESENTADOS 2024

CADRO 10.17. AGA. EXPEDIENTES POR SECTORES ECONÓMICOS E PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS. 2024

CADRO 10.18. AGA. RESULTADO DOS EXPEDIENTES. DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL. 2024

10.1. Folgas

Partindo dun crecemento constante do número de folgas e conflitividade desde a pandemia, esta medra se produce de xeito continuado ata o ano 2024 que baixan. No ano 2021 se recuperan as folgas e a conflitividade logo da pandemia, (aínda que sen chegar ás cifras de 2019 e anteriores), o ano 2022 segue a senda de recuperación nesta materia, medrando respecto do ano anterior todas as variables vencelladas ás folgas, agás o número de persoas participantes. No ano 2023 medran as folgas nun 15% e medran todas as variables de participantes, xornadas non traballadas e centros convocados. Fronte a isto, no ano 2024, baixan todas as variables: as folgas baixan nun 9,13%, as persoas participantes nun 21,38%, as xornadas non traballadas nun 28,84% e os centros de traballo convocados nun 69,04%.

Non hai novidade, (sería unha nova impactante), e as principais normas legais que seguen a estar vixentes respecto da materia obxecto deste capítulo, seguen a ser: o RD-lei 17/1977, do 4 de marzo, coas correccións feitas pola sentenza do Tribunal Constitucional do 8 de abril de 1981; a Lei 9/1987, do 12 de xuño; e o Estatuto dos traballadores na redacción dada polo RD lexislativo 2/2015, do 23 de outubro. Por riba de todas elas, o artigo 28 da Constitución española.

Para chegar aos datos referentes ás folgas téñense en conta as estatísticas ofrecidas polos distintos organismos oficiais, Ministerio de Traballo e Economía Social e Consellería de Emprego, Industria e Emigración.

As fontes de información empregadas para encher de contido os cadros son os cuestionarios estatísticos que cumprimentan, para cada unha das folgas ou peches patronais, as unidades administrativas competentes das comunidades autónomas e a Dirección Xeral de Traballo do Ministerio de Traballo e Economía Social, dependendo do ámbito territorial de convocatoria do conflito. Este conxunto de información é remitido mensualmente á Subdirección Xeral de Estatística do Departamento, para a elaboración da correspondente estatística.

Ademais, posto que non existe obrigación formal por parte das empresas de comunicar á autoridade laboral o número de persoas traballadoras participantes nas folgas, as autoridades laborais provinciais conseguen esa información a través dalgunhas das seguintes fontes: consulta directa ás empresas, consulta ás organizacións patronais e sindicais, ou ben, facendo seguimento das folgas mediante enquisas.

A información ofrecida neste apartado refírese a todas as folgas das que se tivo coñecemento, exista ou non constancia administrativa previa da súa convocatoria, excepto os seguintes tipos de folgas:

- As que non implican xornadas non traballadas, como as chamadas folgas de celo.
- As de duración inferior a unha hora.

- As que se refiren a actividades convencionalmente non produtivas: folgas de estudantes, de consumidores etc.
- As que afectan a colectivos sen dereito a folga: persoal militar e das forzas e corpos de seguridade do Estado.

A unidade folga, obxecto da estatística, asóciase á unidade de convocatoria, independentemente do seu ámbito territorial, sectorial e temporal, así como do seu carácter continuo ou descontinuo.

Nas folgas desenvolvidas no ano inclúense todas as que tiveron incidencia nel, podendo comezar nese ano ou en períodos anteriores.

Enténdese por centros de traballo e persoal "convocados", aqueles centros e os seus respectivos cadros de persoal que pertencen ao ámbito de convocatoria da folga, podendo participar ou non nela.

Por persoas traballadoras participantes enténdese o número de persoas que efectivamente participaron na folga suspendendo o seu traballo, xa sexa durante todo o tempo de duración do conflito ou nunha parte deste.

O número de xornadas non traballadas obtense, nos conflitos de días completos e con participación constante, multiplicando o número de participantes polo número de días laborables de duración do conflito; nos conflitos nos que a participación non é constante e/ou a interrupción do traballo non afecta á xornada completa (entendendo por xornada completa a xornada laboral habitual que realiza unha persoa traballadora sen incluír, en ningún caso, as horas extraordinarias), o cálculo das xornadas non traballadas en cada folga obtense multiplicando o número de participantes cada un dos días de duración da folga pola parte de xornada non traballada cada día e sumando este resultado para todos os días de duración.

Os datos anuais e acumulados preséntanse regularizados, é dicir, contabilízase unha soa vez o número de folgas, cadros de persoal das empresas e persoas traballadoras afectadas, coa fin de eliminar aquelas folgas que, iniciadas nun mes dado, continúan en meses sucesivos. Polo contrario, as xornadas non traballadas en cada mes, si se suman no caso anteriormente mencionado.

Considéranse folgas de ámbito provincial as que afectan só a unha provincia. Á hora de contabilizar as folgas provinciais, aténdese ao concepto folga provincial. Trátase dun concepto estatístico que ten por obxecto medir a incidencia ou a repercusión que a folga tivo en cada provincia, só dentro do seu respectivo ámbito territorial.

Nas folgas de ámbito autonómico, cada convocatoria de folga considérase un só conflito, independentemente do número de provincias ás que afecte.

Unha primeira panorámica xeral das folgas consideradas neste momento dende 2013 a 2024 a nivel estatal (cadro 10.1) permite observar que, aínda que existiu unha evolución do número de folgas diminuíndo en 2014 fronte a 2013 e continúa esta tendencia en 2015, apreciándose esta minoración significativa, tanto en número de folgas coma en participantes e xornadas non traballadas. No ano 2019 increméntase o número de folgas ata 898, pero resulta significativo que, en canto a participantes, baixa en 2019 a cifra en 74.217 logo de medrar en máis de 110.000 persoas en 2018, o mesmo que sucede coas xornadas non traballadas. No ano 2020, o impacto da pandemia reflíctese de forma moi intensa respecto do ano anterior. Cae o número de folgas case ata a metade (de 898 a 487), o número de participantes cae en 112.948 persoas e as xornadas non traballadas diminúen en 317.822 xornadas. A recuperación que se produce no ano 2021, en certa medida cunha recuperación de parámetros de normalidade en todos os eidos sociolaborais, maniféstase en que medra o número de folgas en 119 folgas máis, as persoas participantes en 47.530 persoas máis, e non obstante, caen as xornadas non traballadas en 117.764 xornadas menos. No ano 2022 hai 73 folgas máis, chegando a cifra ata as 679 folgas, medran en case 300.000 as xornadas non traballadas, pero hai 6.275 folguistas menos que no ano anterior. No ano 2023 hai 99 folgas máis, 102.009 participantes máis, 279.030 xornadas non traballadas máis e 21.876 centros convocados máis. Finalmente, en 2024, hai 71 folgas menos, 63.021 persoas participantes menos, as xornadas non traballadas baixan en 284.951, e os centros de traballo convocados en 26.433.

Cadro 10.1

**Evolución das folgas desenvolvidas segundo principais características.
España. 2013-2024**

	Folgas	Participantes	Xornadas non traballadas	Centros de traballo convocados	
				Número	Cadro de persoal ⁽¹⁾
2013	992	448.024	1.098.480	45.832	1.633.924
2014	777	217.047	620.568	7.666	618.478
2015	615	170.528	497.483	4.939	588.359
2016	641	183.120	388.912	9.679	563.451
2017	730	225.723	594.253	24.441	1.284.776
2018	726	338.671	907.631	20.869	1.078.049
2019	898	264.454	858.401	16.000	1.108.466
2020	487	151.496	540.579	11.998	746.272
2021	606	199.026	422.815	15.848	791.106
2022	679	192.751	709.099	16.413	992.996
2023	778	294.760	988.129	38.289	1.735.794
2024	707	231.739	703.178	11.856	972.999

(1) Datos en miles.

Elaboración propia.

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social.

CONFLITIVIDADE E MEDIOS DE SOLUCIÓN DE CONFLITOS DE TRABALLO

Nos cadros 10.2, e 10.3 desagregáanse os datos estatais por comunidades autónomas, segundo sector de actividade e ámbito territorial, podéndose observar que o maior número de participantes en moitas autonomías corresponde ao sector servizos, (exceptúanse Asturias, Aragón, Baleares; Cantabria e Castela León). No caso de Galicia, o sector servizos supera en 773 persoas ao resto de sectores en número de participantes, (igual que pasou en 2023, fronte ao ano 2022 que era superior a industria). En xornadas non traballadas é moi superior a cifra do sector servizos, que case duplica ás xornadas non traballadas na industria. Apréciase así mesmo unha grande diferenza de cifras das folgas provinciais fronte ás estatais.

Cadro 10.2

Persoas traballadoras participantes e xornadas non traballadas segundo sector de actividade, por repercusión territorial da folga en cada comunidade autónoma. 2024

	Participantes				Xornadas non traballadas			
	Agrario	Industria	Construción	Servizos	Agrario	Industria	Construción	Servizos
Total	154	39.108	428	192.049	894	265.942	2.730	433.882
Andalucía	0	1.606	322	4.391	0	178.857	149	12.046
Aragón	0	1.484	0	1.412	0	2.330	0	3.508
Asturias	20	1.556	0	1.395	210	5.215	0	6.626
Baleares	0	151	0	51	0	399	0	374
Canarias	0	0	0	116	0	0	0	153
Cantabria	0	197	0	122	0	361	0	225
Castela-A Mancha	0	120	0	779	0	1.440	0	6.768
Castela e León	0	1.218	0	1.136	0	1.302	0	1.576
Cataluña	0	3.937	0	21.363	0	13.670	0	56.095
C. Valenciana	0	4.791	0	17.457	0	7.294	0	66.883
Estremadura	0	0	0	262	0	0	0	1.042
Galicia	0	2.804	0	3.577	0	4.047	0	8.615
Madrid	94	13.055	14	106.785	564	15.731	14	180.170
Murcia	0	500	0	912	0	310	0	2.302
Navarra	0	1.744	0	8.599	0	6.699	0	8.740
País Vasco	40	5.753	92	23.641	120	28.263	2.567	78.711
A Ríoxa	0	0	0	17	0	0	0	13
Ceuta e Melilla	0	192	0	34	0	24	0	35

*Non inclúe datos de folgas xerais.

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social.

Cadro 10.3

Persoas traballadoras participantes e xornadas non traballadas segundo ámbito territorial, por repercusión territorial da folga en cada comunidade autónoma. 2024

	Participantes			Xornadas non traballadas		
	Provincial ⁽¹⁾	Autonómica	Estatal ⁽²⁾	Provincial ⁽¹⁾	Autonómica	Estatal ⁽²⁾
Total	180.550	37.523	13.666	635.719	45.673	21.786
Andalucía	4.651	0	1.668	188.942	0	1.840
Aragón	2.308	123	465	3.639	652	1.547
Asturias	2.518	0	453	9.811	0	2.240
Baleares	0	171	31	0	704	69
Canarias	0	0	116	0	0	153
Cantabria	185	0	134	349	0	237
Castela-A Mancha	676	0	223	7.980	0	228
Castela e León	1.059	0	1.295	1.369	0	1.509
Cataluña	14.591	9.301	1.408	52.294	13.359	4.112
C. Valenciana	6.619	14.915	714	58.035	14.915	1.227
Extremadura	2	56	204	526	216	300
Galicia	5.641	0	740	10.352	0	2.310
Madrid	114.407	0	5.541	191.506	0	4.973
Murcia	1.112	0	300	2.007	0	605
Navarra	10.312	0	31	15.367	0	72
País Vasco	16.277	12.957	292	93.518	15.827	316
A Ríoxa	0	0	17	0	0	13
Ceuta e Melilla	192	0	34	24	0	35

*Non inclúe datos de folgas xerais.

(1) Inclúense as folgas con repercusión municipal e comarcal.

(2) Refírese á folga que afecta a provincias e comunidades autónomas distintas.


Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social.

Se en Galicia durante 2022 foron realizadas 46 folgas (33 provinciais e 13 autonómicas), no ano 2023 segue a suba a 68 folgas (51 provinciais e 17 autonómicas), pode verse nos cadros 10.4 e 10.5 que no 2024 soben a 77 folgas realizadas, das 132 convocadas, das que 62 son provinciais e 15 autonómicas. Desagregándose por provincias as que foron de empresa ou de sector, e neste mesmo ano provincialmente crece tamén o número, case todas de empresa.

Cadro 10.4
Folgas de ámbito provincial e autonómico convocadas, realizadas e non realizadas. Galicia. 2024

	FOLGAS		
	Convocadas	Realizadas	Non realizadas
A Coruña	63	40	23
Lugo			
Ourense	9	7	2
Pontevedra	43	15	28
Autonómicas	17	15	2
Totais	132	77	55

Fonte: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.



Cadro 10.5
Folgas de ámbito provincial e autonómico de empresa e de sector. Galicia. 2024

		Convocadas	Realizadas	Non realizadas
A Coruña	Empresa	61	38	23
	Sector	2	2	
Total		63	40	23
Lugo	Empresa			
	Sector			
Total				
Ourense	Empresa	9	7	2
	Sector			
Total		9	7	2
Pontevedra	Empresa	36	12	25
	Sector	7	3	3
Total		43	15	28
Autonómico	Empresa	15	14	1
	Sector	2	1	1
Total		17	15	2

Fonte: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

CONFLITIVIDADE E MEDIOS DE SOLUCIÓN DE CONFLITOS DE TRABALLO

Respecto das razóns alegadas para convocar e desenvolver unha folga, os conflitos derivados da negociación colectiva sen especificar seguidos dos conflitos derivados do proceso de negociación colectiva e coincidentes no tempo e outros motivados polo anuncio ou aplicación de medidas de política económico-social son os motivos específicos máis frecuentes das folgas realizadas en 2024.

Cadro 10.6
Folgas de ámbito provincial e autonómico realizadas, segundo o motivo ou a causa da convocatoria. Galicia. 2024

	5	10	11	12	13	14	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	40	50	60	70	Total
A Coruña		21															1		5		13	40
Lugo																						
Ourense																					7	7
Pontevedra		4																1	1		9	15
Autonómico		4																	8		3	15
Total		29															1	1	14		32	77

Conflitos derivados do proceso de negociación colectiva e coincidentes no tempo	Conflitos non derivados do proceso de negociación colectiva
(10).- Conflitos do proceso de neg. colectiva coincidentes no tempo	(20).- Reconversión industrial
(11).- Presión pola negativa a negociar un convenio	(21).- Regulación de emprego (excluídos os de reconversión industrial)
(12).- Presión pola negativa a revisar un convenio	(22).- Organización/sistemas de traballo
(13).- Presión durante a negociación dun convenio	(23).- Accidente laboral, seguridade e hixiene
(14).- Interpretación das cláusulas do convenio vixente	(24).- Despedimentos, sancións ou outras medidas disciplinarias
(30).- Conflitos relacionados con causas sindicais	(25).- Incumprimento de acordos ou normas legais
(40).- Conflitos de solidariedade	(26).- Falta de pagamento de salarios
(50).- Outros conflitos motivados polo anuncio ou aplicación de medida de política económica-social	(27).- Melloras salariais e non salariais independentes do convenio
(60).- Conflitos por outras causas non laborais	(28).- Melloras salariais e non salariais de colectivos sen convenio
	(29).- Outras causas laborais
	(70).- Conflitos non derivados da negociación colectiva sen especificar

Fonte: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Por último, como pode verse no cadro 10.7 con datos do Ministerio de Traballo e Economía Social, ofrécese unha perspectiva bianual da incidencia das folgas nas provincias, con independencia do ámbito territorial de convocatoria, dato que non permite a análise debido á disparidade que se aprecia nas cifras en relación coas anteriormente sinaladas. Recóllense ademais dos resultados das folgas cuxo ámbito territorial é a propia provincia, a repercusión que sobre estas tiveron as folgas autonómicas e estatais. Como vén sendo habitual, as provincias de Pontevedra e da Coruña, por esa orde, son as que maiores rexistros amosan.

Cadro 10.7

Folgas desenvolvidas, centros e cadro de persoal convocados, persoas traballadoras participantes e xornadas non traballadas, segundo criterio de repercusión⁽¹⁾, por provincia. Galicia. 2024-2023

	Folgas		Centros de traballo convocados		Cadro de persoal dos centros convocados		Persoas traballadoras participantes		Xornadas non traballadas	
	2024	2023	2024	2023	2024	2023	2024	2023	2024	2023
A Coruña	18	11	24	13	3.333	2.579	572	1.079	1.688	2.869
Lugo	3	4	3	4	191	259	30	12	130	196
Orense	9	3	9	3	1.641	351	1.267	25	2.523	357
Pontevedra	22	23	312	1.031	15.343	15.732	4.512	11.277	8.321	16.206
Galicia	39	30	348	1.051	20.508	18.921	6.381	12.393	12.662	19.628

(1) Refírese a que a cada provincia se lle asignan, ademais dos resultados das folgas cuxo ámbito territorial fora esa provincia, a repercusión que nela tivesen as folgas da súa comunidade autónoma e as nacionais.

Fonte: Ministerio de Traballo e Economía Social.

10.2. Conciliacións colectivas e individuais

Incorpóranse os cadros 10.8, 10.9 e 10.10, nos que, segundo datos facilitados pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, aparecen reflectidos os conflitos colectivos e individuais nos que participaron en tarefas de conciliación as unidades administrativas da Xunta de Galicia, os coñecidos como SMAC, e o resultado obtido.

Nas conciliacións colectivas, resulta anecdótico o número de avinzas obtidas, (tan só 1 foi con avinza), que afecta a unha empresa e 108 persoas traballadoras, o que contrasta coas cifras do AGA, como se verá máis adiante neste capítulo.

No que a conciliacións individuais se refire, resaltan as cifras de despedimentos, seguidas das sancións e en último lugar as reclamacións de cantidade sendo clara a alta actividade destas unidades en relación coas cantidades acordadas nas conciliacións individuais con avinza.

Nas conciliacións colectivas, na maioría delas non se alcanzou acordo entre as partes.

Cadro 10.8

Conciliacións colectivas segundo tipo de resolución e asunto. Ámbito territorial provincial. 2024

		Número de conciliacións	Empresas afectadas	Nº persoas traballadoras
A Coruña (Unidades conciliadoras: A Coruña, Ferrol, Santiago)	Con avinza	1	1	108
	Sen avinza	21	11	2.644
	Resto ⁽¹⁾	5	3	159
Lugo	Con avinza	0	0	0
	Sen avinza	5	12	65
	Resto ⁽¹⁾	1	44	0
Ourense	Con avinza	0	0	0
	Sen avinza	2	2	450
	Resto ⁽¹⁾	1	1	40
Pontevedra (Unidades conciliadoras: Pontevedra e Vigo)	Con avinza	0	0	0
	Sen avinza	13	20	247
	Resto ⁽¹⁾	2	2	0
Galicia	Con avinza	1	1	108
	Sen avinza	44	47	4.406
	Resto ⁽¹⁾	9	50	199

(1) Resto: Intentadas sen efecto, tidas por non presentadas, desistidas e outras.

Fonte: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

CONFLITIVIDADE E MEDIOS DE SOLUCIÓN DE CONFLICTOS DE TRABALLO

Cadro 10.9

Conciliacións individuais por provincias, segundo motivación e tipo de resolución. 2024

		Despedimentos	Reclamacións de cantidade	Sancións	Total
A Coruña	Con avinza	2.781	364	218	3.363
	Sen avinza	1.688	1.658	1.563	4.909
	Intentadas sen efecto e resto ⁽¹⁾	836	1.499	552	2.887
	Total	5.305	3.521	2.333	11.159
	Suma de cantidades acordadas	28.409.002	1.319.905	842.905	30.571.812
Lugo	Con avinza	572	191	135	898
	Sen avinza	307	611	385	1.303
	Intentadas sen efecto e resto ⁽¹⁾	127	482	124	733
	Total	1.006	1.284	644	2.934
	Suma de cantidades acordadas	6.597.756	513.702	991.399	8.102.858
Ourense	Con avinza	542	81	11	634
	Sen avinza	377	430	167	974
	Intentadas sen efecto e resto ⁽¹⁾	187	448	72	707
	Total	1.106	959	250	2.315
	Suma de cantidades acordadas	6.931.152	254.610	34.171	7.219.933
Pontevedra	Con avinza	1.998	231	218	2.447
	Sen avinza	1.372	916	736	3.024
	Intentadas sen efecto e resto ⁽¹⁾	676	1.983	454	3.113
	Total	4.046	3.130	1.408	8.584
	Suma de cantidades acordadas	28.718.375	614.216	1.247.822	30.580.413
Galicia	Con avinza	5.893	867	582	7.342
	Sen avinza	3.744	3.615	2.851	10.210
	Intentadas sen efecto e resto ⁽¹⁾	1.826	4.412	1.202	7.440
	Total	11.463	8.894	4.635	24.992
	Suma de cantidades acordadas	70.656.284	2.702.433	3.116.298	76.475.015

(1) Resto: tidas por non presentadas, desistidas e outras.
Fonte: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Cadro 10.10. Conciliacións individuais por sectores da
Comunidade Autónoma de Galicia. 2024

	Total
Agricultura	476
Industria	3.908
Construción	2.420
Servizos	16.830
Total sectores	23.634

Fonte: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

10.3. Xulgados do Social

Se no conxunto do Estado se incrementaron os asuntos resoltos polos xulgados do Social, en 2019 respecto de 2018, en máis de 5.400 asuntos, no 2020 baixan en 56.955 asuntos respecto do ano anterior e no 2021 suben nada menos que 117.696 asuntos. Suben en toda a tipoloxía de conflitos. No ano 2022, prodúcese unha baixada de 26.475 asuntos. Séguese a mesma senda en 2023 con 32.537 asuntos menos. Fronte a isto, no 2024 soben en 69.402 os asuntos sometidos á xurisdición. En Galicia, soben tamén os asuntos resoltos (4.891 menos en 2020, 7.994 máis en 2021, 5.241 menos en 2022, 2.092 menos en 2023 e 3.377 máis en 2024). A suba prodúcese en conflitos individuais, Seguridade Social e conflitos colectivos. Este foi o guión que seguiron todas as provincias.

Cadro 10.11
Asuntos resoltos, segundo materia obxecto da demanda a nivel estatal.
Por comunidade autónoma e provincia. 2024-2023

	Total		Conflitos colectivos		Conflitos Individuais		Seguridade social	
	2024	2023	2024	2023	2024	2023	2024	2023
Total	410.239	340.837	2.232	2.086	296.054	246.084	111.953	92.667
Galicia	29.713	26.336	171	157	18.409	15.520	11.133	10.659
A Coruña	11.711	10.722	77	72	7.292	6.996	4.342	3.954
Lugo	3.422	3.290	38	25	2.323	2.034	1.061	1.231
Ourense	3.623	3.247	3	12	2.243	1.677	1.377	1.558
Pontevedra	10.957	9.077	53	48	6.551	2.113	4.353	3.916

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social.

Suben as cantidades acordadas en conflitos individuais tanto en Galicia coma no conxunto do Estado. En 2024 no conxunto do Estado o 51,89%% das cantidades acordadas en materia de conflitos individuais (50,53% en 2022) foi establecido mediante conciliación, mentres que o restante 48,11% foi por sentenza. No caso de Galicia, o 54,33% das cantidades acordadas na materia foi establecido mediante conciliación, mentres que o 45,67% foi por sentenza. Por fin, e de novo no ámbito estatal, o 59,86% das cantidades acordadas en materia de reclamacións derivadas do contrato de traballo foi fixado por sentenza e o 40,14% restante pactado en conciliación.

Cadro 10.12

Conflitos individuais. Cantidades acordadas, segundo materia obxecto da demanda e clase de resolución. Por comunidade autónoma e provincia. 2024

	Cantidades acordadas en conflitos individuais								
	Miles de euros								
	Total conflitos individuais			Despedimentos			Reclamacións derivadas do contrato de traballo		
	Total	Sentenza	Conciliación	Total	Sentenza	Conciliación	Total	Sentenza	Conciliación
Total	1.230.064,4	591.767,9	638.296,5	844.205,9	360.791,4	483.414,5	385.858,5	230.976,5	154.882,0
Galicia	82.764,8	37.802,3	44.962,5	54.063,7	21.853,3	32.210,4	28.701,2	15.949,1	12.752,1
A Coruña	31.953,2	16.150,8	15.802,4	18.610,8	8.772,6	9.838,2	13.342,4	7.378,2	5.964,2
Lugo	7.566,8	3.758,5	3.808,3	4.707,5	2.149,6	2.557,9	2.859,3	1.608,9	1.250,4
Ourense	6.673,2	3.535,1	3.138,1	4.239,2	1.930,2	2.309,0	2.434,0	1.604,9	829,1
Pontevedra	36.571,5	14.357,9	22.213,6	26.506,1	9.000,8	17.505,3	10.065,4	5.357,0	4.708,3

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social.

No que atinxe aos asuntos resoltos en materia de despedimento, soben no conxunto do Estado, e soben en Galicia en 2024 respecto de 2023, ascenso que no conxunto do Estado foi de 25.800 asuntos máis, mentres que en Galicia o ascenso foi de 838 asuntos. O ascenso tivo lugar na Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. O ascenso foi, ademais, xeneralizado segundo a clase de resolución no conxunto do Estado, incluído por desistencia. En Galicia rómpese a tendencia de catro anos de baixar as resolucións con sentenza favorable á persoa traballadora.

En Galicia a conciliación foi tamén o mecanismo máis utilizado en 2024, se ben aquí iso ocorreu non só co conxunto dos conflitos individuais, senón tamén para unha das categorías en que eses conflitos se desagregan, isto é, os despedimentos, non ocorrendo así nas reclamacións derivadas do contrato de traballo. Así, o 45,78% das cantidades acordadas no total de conflitos individuais en Galicia foi fixado mediante sentenza. Igual ocorreu no caso dos despedimentos (59,58% mediante conciliación, fronte ao 40,42% mediante sentenza), ao revés que nas restantes reclamacións derivadas do contrato de traballo. Esa realidade deuse no conxunto de Galicia e tamén nas catro provincias galegas.

No conxunto do Estado en 2024 son máis as persoas obxecto de despedimento que pactaron este en conciliación, o 57,26%, mecanismo a través do cal se acordaron a maior parte das cantidades establecidas por tal motivo. Non obstante, a contía media das cantidades acordadas en materia de despedimentos foi máis alta no caso das fixadas por sentenza.

CONFLITIVIDADE E MEDIOS DE SOLUCIÓN DE CONFLITOS DE TRABALO

En Galicia ocorreu o mesmo, ao igual que o ano anterior. A maior parte das persoas traballadoras viron extinguido o seu contrato, por despedimento, a través de conciliación, pero segue a haber provincias en Galicia nas que as cantidades fixadas por sentenza foron tamén superiores fronte á conciliación; aínda que a contía media das cantidades fixadas por sentenza foi superior á contía media pactada en conciliación nos mesmos termos.

Cadro 10.13

Asuntos resoltos en materia de despedimentos, segundo clase de resolución.
Por provincias. Galicia/España. 2024-2023

	Total		Con sentenza favorable á persoa traballadora		Con sentenza favorable en parte á persoa traballadora		Con sentenza desfavorable á persoa traballadora		Por conciliación		Por desistencia		Por outras causas	
	2024	2023	2024	2023	2024	2023	2024	2023	2024	2023	2024	2023	2024	2023
Total	137.996	112.196	24.502	19.541	5.656	4.034	7.467	5.913	58.752	47.972	28.364	24.825	13.255	9.911
Galicia	6.044	5.206	1.433	1.143	473	321	528	442	2.827	2.463	548	683	235	154
A Coruña	2.401	2.225	571	432	127	124	232	200	1.135	993	217	401	119	75
Lugo	627	548	147	144	39	25	44	40	309	262	64	50	24	27
Ourense	636	483	124	115	139	55	46	51	261	207	32	33	34	22
Pontevedra	2.380	1.950	591	452	168	117	206	151	1.122	1.001	235	199	58	30

Fonte: Ministerio de Traballo e Economía Social.

Cadro 10.14

Persoas traballadoras despedidas, cantidades acordadas e contías medias, segundo clase de resolución. Por comunidade autónoma e provincia. 2024

	Despedimentos								
	Persoas traballadoras despedidas ⁽¹⁾			Cantidades acordadas miles de euros			Contías medias en euros		
	Total	Sentenza ⁽²⁾	Conciliación	Total	Sentenza	Conciliación	Total	Sentenza	Conciliación
Total	95.271	33.782	61.489	844.205,9	360.791,4	483.414,5	8.861,1	10.680,0	7.861,8
Galicia	4.849	1.970	2.879	54.063,7	21.853,3	32.210,4	11.149,4	11.093,0	11.188,0
A Coruña	1.877	727	1.150	18.610,8	8.772,6	9.838,2	9.915,2	12.066,9	8.555,0
Lugo	502	187	315	4.707,5	2.149,6	2.557,9	9.377,5	11.495,2	8.120,3
Ourense	532	271	261	4.239,2	1.930,2	2.309,0	7.968,5	7.122,6	8.846,7
Pontevedra	1.938	785	1.153	26.506,1	9.000,8	17.505,3	13.677,1	11.466,0	15.182,4

(1) Non inclúe as persoas traballadoras afectadas por asuntos "desistidos" e asuntos terminados "por outras causas".

(2) Non inclúe as persoas traballadoras afectadas por sentenza desfavorable.

Fonte: Ministerio de Traballo e Economía Social, Anuario de estadísticas laborais.

10.4. Xestión do Acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (AGA)

Os expedientes xestionados ao abeiro do AGA dende os seus comezos en xuño de 1992 ata o 31 de decembro de 2024 foron 2.031, cun total de 1.544.587 persoas traballadoras afectadas (cadro 10.16)

No ano 2024 iniciáronse 130 expedientes, (34 expedientes por debaixo do ano anterior). Estes expedientes afectaron, con actuación rematada, a 164 empresas e 14.681 persoas traballadoras. Sobre o total de mediacións e arbitraxes levadas a cabo polo AGA, a efectividade acadada ao longo do ano 2024 foi do 60,76, unha porcentaxe inferior a de anos anteriores. Todos estes expedientes foron expedientes de mediación, logo de que non se tramitara ningún expediente de arbitraxe durante o ano 2024.

Cadro 10.15

AGA. Total expedientes. 2024

Expedientes iniciados	130
Expedientes desistidos	1
Expedientes en tramitación	1
Expedientes rexeitados	48
Expedientes arquivados por solución previa	1
Expedientes tramitados	79
Conciliacións/Mediacións	79
Arbitraxes	0

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais.

Cadro 10.15 bis

Actuacións do AGA rematadas con acordo. 2024

	Conflitos con resultado positivo	Empresas afectadas	Persoas traballadoras afectadas
Acordos por solución previa	1	1	340
Acordos por conciliación/mediación	48	164	14.681
Laudos arbitrais	0	0	0
	49	165	15.021

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais.


Cadro 10.16

AGA. Distribución territorial dos conflitos presentados (01.06.1992 - 31.12.2024)

	C. Autónoma	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Expedientes iniciados	206	923	190	75	637	2.031
Traballadores/as afectados	231.992	652.216	84.807	30.901	544.671	1.544.587
Expedientes de conflitos de sector	63	68	16	18	86	251
Traballadores/as afectados conflitos sector	184.261	499.929	34.209	22.802	422.094	1.163.295
Expedientes de conflitos empresa	143	855	174	57	551	1.780
Traballadores/as afectados conflitos empresa	47.731	152.287	50.598	8.099	122.577	381.292

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais.

Persoas traballadoras afectadas por AGAs presentados
01.06.1992 a 31.12.2024




Cadro 10.16 bis

AGA. Distribución territorial dos conflitos presentados. 2024

	C. Autónoma	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Expedientes iniciados	8	70	9	4	39	130
Traballadores/as afectados	3.397	44.011	5.282	407	28.992	82.089
Expedientes de conflitos de sector	2	4	0	1	2	9
Traballadores/as afectados conflitos sector	550	15.700	0	102	20.000	36.352
Expedientes de conflitos empresa	6	66	9	3	37	121
Traballadores/as afectados conflitos empresa	2.847	28.311	5.282	305	8.992	45.737

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais



Atendendo aos expedientes iniciados por sector de actividade da empresa ou sector, ao longo de 2023 o 59% dos expedientes presentados correspondían a empresas ou subsectores integrados no sector servizos, é dicir, preto de dous de cada tres expedientes corresponden a este sector de actividade. Dos restantes, case todos corresponden ao sector industrial, agás dous expedientes no sector da construción.


Cadro 10.17

AGA. Expedientes por sectores económicos e persoas traballadoras afectadas. 2024


	expedientes	persoas traballadoras
Agricultura	0	0
Pesca	0	0
Industria	51	33.949
Construción	2	161
Servizos	77	47.979
Total	130	82.089

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais.

Porcentaxe de expedientes de mediación ou arbitraje presentados ao abeiro do AGA por sector de actividade. Galicia 2024



Porcentaxe de persoas traballadoras afectadas por procedementos de arbitraje ou mediación ao abeiro do AGA por sector de actividade. Galicia 2024



A distribución destes expedientes segundo o ámbito xeográfico e diferenciando tamén os que corresponden a conflitos de empresa e de sector, indican que máis da metade dos procedementos iniciáronse na provincia da Coruña (70 expedientes, o 54%), seguida de Pontevedra con 39 expedientes (o 30%).

O maior número de persoas afectadas polos expedientes presentados corresponde tamén á provincia da Coruña con 44.011, seguida de Pontevedra con 28.992 persoas traballadoras afectadas.


Seguindo coa tendencia xeneralizada en anos anteriores, a maioría dos conflitos presentados son de ámbito de empresa (o 93,1%).

No cadro 10.18 pódese apreciar o resultado obtido polos procedementos presentados ao abeiro do AGA durante este ano, predominando un ano máis os resultados positivos.

Cadro 10.18. AGA. Resultado dos expedientes. Distribución territorial. 2024

	C. Autónoma	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Expedientes iniciados	8	70	9	4	39	130
Expedientes desistidos	0	1	0	0	0	1
Expedientes rexeitados pola contraparte afectada	4	24	7	1	12	48
Conflitos resoltos por acordo previo	0	0	0	0	1	1
Expedientes tramitados	4	45	2	3	25	79
Expedientes con resultado positivo	2	26	2	1	17	48
Expedientes con resultado negativo	2	19	0	2	8	31
Expedientes en tramitación	0	0	0	0	1	1

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais.



Para finalizar, indicar que os procedementos de ámbito de sector iniciados neste ano foron, por orde cronolóxica, as empresas do sector naval público da Ría de Ferrol, o sector da sanidade privada da provincia da Coruña (dous expedientes), o do dobraxe de Galicia, o de limpeza de edificios e locais da provincia da Coruña, o de sanidade privada da provincia de Ourense, o de oficinas e despachos da provincia de Pontevedra, o de limpeza de edificios e locais da provincia de Pontevedra e o de empresas organizadoras do xogo do bingo de Galicia.